



# CAMPIONATO DE GALICIA DE SLALOM 2017

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



REGULAMENTO PARTICULAR

PROBA: IV Slalom Concello de Sarria

PROVINCIA: LUGO

DATA: 25.06.2017



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Deporte



Sarria



## ORGANIZACIÓN:

A/o Escudería MixRallyeSports, organiza 4º Slalom Concello de Sarria o día 25 de Xuño de 2017, unha proba de carácter nacional, puntuable para o Campionato de Galicia de Slalom.

## VEHÍCULOS ADMITIDOS:

Admitiranse os vehículos de:

**AGRUPACIÓN I:** ata 1.150 c.c. (Tracción dianteira).

**AGRUPACIÓN II:** Desde 1.151 a 1.600 (Tracción dianteira).

**AGRUPACIÓN III:** A partir 1.601 c.c. (Tracción dianteira).

**AGRUPACIÓN IV:** Tódalas cilindradas (Tracción traseira).

**AGRUPACIÓN V:** Tódalas cilindradas (Tracción total).

**AGRUPACIÓN VI:** Vehículos do Grupo P.

Poderán participar toda clase de vehículos de turismo, con carrocería cerrada outeiro duro, dun mínimo de dúas prazas e que estén homologados, que proveñan de series de fabricación e en posesión da I.T.V. e seguro obrigatorio (SOA).

Autorízase o uso de neumáticos de competición (slicks ou similares), e prohíbese a utilización dos denominados de: tacos, contacto, cravos e cadeas, así como as rodas de tipo M, M+S, M4, M5 e C.

## SEGUROS:

Os organizadores contratarán unha póliza de seguros nas condicións marcadas pola F.G. de A. que garanta unha cobertura mínima segundo a regulamentación vixente (Lei circulación).

## CONCURSANTES ADMITIDOS.

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2017 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

## INSCRICIÓN:

Dereitos de inscrición: 90 €

As solicitudes de inscrición admitiranse ata o 22 de Xuño de 2017 as 20:00 horas, e a organización remitirá copia á Federación Galega de Automobilismo, por correo ou fax, antes da celebración da mesma.

As solicitudes de inscrición deberanse remitir vía email a:

Entidade Escuderia MixrallyeSports

[mixrallyesports@gmail.com](mailto:mixrallyesports@gmail.com)

Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos en:

**ABANCA (Sardoma)** número de conta **ES76 2080 5087 6030 4001 5517**

Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

### CIRCUÍTO:

O circuíto de asfalto plan redial nacional, estará emprazado nas inmediacións do Campo da Feira de Sarria, no Concello de Sarria

### DESENROLO DA PROBA:

DATA	HORA	ACTO	LUGAR
30/05/2017	10:00	Apertura inscricións	<a href="http://www.facebook.com/IVSlalomConcellodeSarria">www.facebook.com/IVSlalomConcellodeSarria</a>
22/06/2017	20:00	Peche Inscricións	email: <a href="mailto:mixrallyesports@gmail.com">mixrallyesports@gmail.com</a> <a href="http://www.fga.es">www.fga.es</a> TLF: 663127161
23/06/2017	20:00	Publicación lista de inscritos	<a href="http://www.facebook.com/IVSlalomConcellodeSarria">www.facebook.com/IVSlalomConcellodeSarria</a> <a href="http://www.fga.es">www.fga.es</a>
25/06/2014	9:00 a 10:30	Verificacións Administrativas	A confirmar
	9:00 a 10:30	Verificacións Técnicas	Parque de o Chanto
	10:45	Hora límite de presentación dos vehículos no parque pechado	Parque de o Chanto
	11:00	Publicación lista de autorizados a tomar a Saída	Tablon de Anuncios <a href="http://www.facebook.com/IVSlalomConcellodeSarria">www.facebook.com/IVSlalomConcellodeSarria</a>
	11:45	Briefing os Pilotos	Campo da Feira de Sarria
	12:00	Saída 1º Participante 1ª Manga Adestramentos	
	16:30	Saída 1º Participante 2ª Manga Adestramentos	
	A continuación	Saída 1º participante 1ª manga oficial	
	A continuación	Saída 1º participante 2ª manga oficial	
	20:30	Publicación de Resultados	Tablon de Anuncios <a href="http://www.facebook.com/IVSlalomConcellodeSarria">www.facebook.com/IVSlalomConcellodeSarria</a>
	21:00	Rolda de prensa dos 3 Primeiros Clasificados	A confirmar
21:15	Entrega de premios	A confirmar	

**Nota: Levantamento vehículos parque pechados:** Os trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deveñir en firme a mesma, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos dos parques pechados**, sen ter que esperar ás entregas de premios.



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Deporte



Sarria



## OFICIACIS DA PROBA:

### Presidente Escuderia/Comité Organizador:

D. Ignacio J. Davila Estévez DC1ª-0016-GA

### Comisarios Deportivos:

**Presidente** D. Maite Vilanova López DC1ª-0793-GA

D. Javier Carrera Estévez DC-1591-GA

D. Alvaro Fdez. Glez. CD1º-0202-GA

### Observador da F.G.de A.:

D. Fco. Javier Vázquez Álvarez OBS-0440-GA

### Director da Carrera:

D. Ignacio J. Davila Estévez DC1ª-0016-GA

### Comisario Técnico

D. Miguel A. Pino Glez. XOC/JOC-0796-GA

### Xefe de Seguridade Vial:

D. Jose Luis Vilanova López DC1ª- 1596 -GA

### Responsable Equipos de Cronometraxe:

D. Bruno Trajaro Rivera Pazos XOB-1248-GA

**Centros asistenciais:** PAC Sarria; POLUSA

**Servizo de Guindastres:** Gruas Vilela

Nota: En cumprimento da nova normativa de expedición de licencias, o resto dos oficiais da proba comunicaranse no COMPLEMENTO 2, antes da celebración da proba. O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo "00" pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licencia CD1ª, expedida pola F.G. de A., e á sua vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura da Proba.

### MEDICO DA PROBA:

D. Jaime Capella Pérez COLEXIADO Nº 27/2702368 (Lugo)

Don Ignacio J. Davila Etévez, provisto da licencia do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número DC1ª-0016-GA, solicito a aprobación do presente regulamento particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Fdo: Director da Proba

Entidade: MixRallyeSports

N.I.F.:36126937-D

C.I.F.:G-27826403

Licencia DC1ª-0016-GA

Fdo: Presidente D. Ignacio Davila

Licencia DC1ª-0016-GA

Fdo: Xefe de Seguridade Vial

N.I.F.: 33328286 K

Licencia CD1ª-1596-GA



## PREMIOS:

A entrega de premios, será obrigatorio estar presente para ter dereito o premio.

Posicion	Premio + Trofeo
1º Xeral	320,00 € + Trofeo
2º Xeral	220,00 € + Trofeo
3º Xeral	120,00 € + Trofeo
4º Xeral	100,00 € + Trofeo
5º Xeral	90,00 € + Trofeo
6º Xeral	80,00 € + Trofeo
<b>Total</b>	<b>930,00 €</b>

Teranse que entregar alomenos Trofeos os 6 primeiros da XeralScratch, os 3 primeiros de cada agrupación.

Os premios en metálico serán pagados por Transferencia Bancaria.

## CLASIFICACIÓNS:

Celebraránse 4 mangas cronometradas, duas de adestramentos e dúas oficiais.

A participación en **UNHA** manga de adestramentos será **OBRIGATORIA** sen penalizacións

As **DÚAS** mangas oficiais serán **OBRIGATORIAS** e para establecer a clasificación

final, só se tomará o tempo acadadonamellor das dúas mangas disputadas polo participante, e sempre con penalizacións incluídas

A non participación dun piloto nunha das mangas oficiais será motivo de expulsión da clasificación final da proba.

A cronometraxe efectuarase a milésima de segundo con células fotoeléctricas

Para obter o tempo oficial dun participante realizarase a resta entre a hora real de chegada e a hora real de saída. O piloto terá un prazo de 10 segundos para tomar a saída desde o momento no que o cronometrador o autorice a facelo.

Na chegada, as células fotoeléctricas teranse que poner na entrada ao "garaxe", no que o participante deberá deter por completo o vehículo sen tirar ningún pirulo ou cono.

Unha vez acadado o tempo resultante do cronómetro aplicaranse as penalizacións.

En caso de empate, decidirase en favor do vehículo de menor cilindrada

**PENALIZACIÓNS:**

Segundo describe o C.D.I., durante a proba, haberá Comisarios Deportivos debidamente licenciados, nomeados como xuíces de feitos para aplicar as faltas como segue:

FALTA	PENALIZACIÓN
Tirar un cono das lindes do garaxe	5 Segundos
Sobrepasar a raia final do garaxe ou non entrar nel	5 Segundos
Non face-lo stop, ousexa, noparar totalmente dentro do garaxe	5 Segundos
Por saída falsa, penalizarase por cada segundo de adianto	10 Segundos
Por desprazarou tocar un cono oupao da porta	10 Segundos
Por non pasar unha porta, ou pasar un cono polo lado contrario, ou non efectuar unha volta completa (por cada falta). A acumulación de duasdestas faltas, na mesma manga, suporá a exclusión da mesma, pero validando a participación sen tempo	20 Segundos
Por non efectuar o percorrido marcado	60 Segundos
Por recortar os números ou varia-lo lugar destinado	60 Segundos
Por desacato aoumenosprezo a un comisario	EXCLUSION
Por recibir axuda do exterior	EXCULSION
Por conducción agresiva oupreigosa	EXCLUSION
Non cumprimento das normas de parque pechado ou de traballo	EXCLUSION

**PROGRAMA - HORARIO DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS**

REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
UNICA	25 de Xuño de 2017	09:30	SALA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS,



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Deporte



Sarria



## ANEXO I

RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIÓNS E RUTAS:

1.- Por acordo Asembleario é normativa de obrigado cumprimento para os Campionatos e Copas de Galicia de Automobilismo, na tempada do 2016 e seguintes: Unicamente se poderá participar/puntuar coa Licencia Autonómica Única, expedidas polas Federacións Autonómicas de Automobilismo.

2.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licencia da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da "Federación Galega de Automobilismo", a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á "Federación Galega de Automobilismo" para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.

3.- Para garantir a responsabilidade a que houbere lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delega aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2016, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentracións, Rallyes 2ª Categoría, Slalom, e outros eventos:

A.- Para cumprimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licencia do membro que faga as labores de asistencia.

B.- O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante.

C.- Todo participante que non sinale na folla de inscrición o nome, apelidos, e licencia da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas nos Campionatos antes mencionados coa non autorización a tomala saída.

4.- Tódolos Campionatos, Copas de Galicia, e Fórmulas de Promoción, a partir da tempada 2016, inclusive, serán considerados "OPEN".

ACORDO XUNTA DIRECTIVA-COMISIÓN DELEGADA-ASEMBLEA

Que na reunión extraordinaria da "Xunta Directiva/Comisión Delegada da Federación Galega de Automobilismo" adoptáronse os seguintes acordos por unanimidade:

1-Ratifícanse no acordo adoptado polos 17 presidentes de Federacións Autonómicas de automobilismo, adoptado na sede do C.S.D. na mañan do pasado 12 de Outubro.

2-Ratifícanse no acordo de asemblea da R.F.E. de A., celebrada no salón de actos do C.S.D., na tarde do 12 de Outubro, sobre o precio unificado e igual que terá que imperar en todas as expedicións da "Licencia Autonómica Única" polas 17 Federacións Autonómicas.

3-Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da "Federación Galega de Automobilismo", adoptou de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na temporada 2016, sexan considerados "Open". Asimesmo dito organismo acordou establecer unha inscrición obligatoria os Campionatos para todos aqueles equipos e deportistas que ostenten licencia federativa expedida por calquera Federación Autonómica que incumpra o acordo adoptado do precio unitario das licencias, acordado e asinado, o pasado 12 de outubro no C.S.D.

4-O precio de inscrición, para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo 2016, dos titulares de licencias expedidas polas Federacións Autonómicas que non cumplan o acordo de unificación do precio de licencias establécese en 190 euros.

5-As licencias estatais da veciña Portugal serán validas para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo sen ningún tipo de restricción.

6-Dito acordo será incluído no Anexo I do Anuario federativo, da "Federación Galega de Automobilismo" 2016, e será comunicado a tódalas Federacións Autonómicas de Automobilismo do Estado español.

7-Con esta medida preténdese evitar e corrixir a competencia desleal do incumplimento que puidera derivarse do acordo de precios de licencias distintos ou inferiores do adoptado no acordo unánime dos presidentes de Federacións Autonómicas e Estatal.

8-É tamén de obrigado cumprimento, para a expedición de calquera tipo de "Licencia Autonómica Única", a aportación da copia do D.N.I., ou Certificado de Empadramento, que acredite a vecindad civil aos exclusivos efectos da expedición de licencia pola Federación Autonómica correspondente.

9-A Federación Autonómica que expida licencias a deportistas, oficiais, etc, non residentes no seu territorio será obxecto de denuncia, pola "Federación Galega de Automobilismo", en tutela dos seus intereses e dereitos.

10-Asimesmo, e como se puxo de manifesto na Asemblea da "Real Federación Española de Automobilismo", non serán expedidas nen admitidas, nen forman parte da regulamentación deportiva da "Federación Galega de Automobilismo", as licencias (ER, COR, PPP, PPC, JOM, PPK), que non serán expedidas, nen poden ser aceptadas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia, posto que, tratándose de Licencias que otorgan dereitos restrinxidos a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a súa integración plena na "Federación Galega de Automobilismo", incumpren o disposto na Ley 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia.

A mencionada Ley 3/2012 establece no seu Artigo 28, en canto a expedición e contido das licencias, no seu apartado terceiro, que no caso das licencias federativas, éstas otorgarán o seu titular a condición de membro da correspondente Federación deportiva galega, que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións, e acredita a súa integración na Federación deportiva correspondente, con dereito a voto nos procesos electorais da "Federación Galega de Automobilismo".

As licencias que esta Federación non pode expedir, por aplicación legal, impiden que os seus titulares se integren, con plenos dereitos, na "Federación Galega de Automobilismo"